



CAMPAÑA DE INTERVENCIÓN NO CASTRO DE VILADONGA (2016)

Luís F. López González / Miguel A. López Marcos

Pablo López González / Yolanda Álvarez González

A intervención do 2016.

A campaña de actuación do ano 2016¹ no Castro de Viladonga forma parte da política de conservación e mantemento que se fai regularmente neste xacemento dende o ano 2006.

A intervención deste ano combinou os traballos de escavación e restauración, o que supón unha gran vantaxe nunha intervención deste tipo, na que se contempla unha actuación de consolidación dos restos inmediatamente despois dos traballos de escavación, nos que unha vez definidas as características das estruturas exhumadas, realizado o pertinente rexistro e consensuado coa dirección facultativa, se procede á inmediata restauración dos restos, reducindo así a deterioración que se produce neles tras a súa exhumación.

Este proceso non é sinxelo, e nel contéplase a participación dun equipo interdisciplinar no que ten un papel relevante a figura do arqueólogo encargado do apartado da investigación científica, para definir os procesos históricos acontecidos e determinar o dito proceso nos restos recuperados. Unha vez obtida a valoración dos resultados, procédese á exposición destes a través da recuperación e consolidación das estruturas a cargo do equipo de restauración que se atopa implicado na intervención dende o primeiro momento e que advirte, segundo os casos, das necesidades e as vantaxes que pode ofrecer unha

ou outra decisión a tomar. Deste xeito, a restauración valorada en conxunto polo arqueólogo e o restaurador e feita de forma inmediata á escavación, fai que a posta en valor dos restos escavados sexa moito máis eficiente e reflecta dun xeito directo as interpretacións históricas, e así se teña unha aproximación moito máis didáctica ó xacemento.

Como acabamos de apuntar a combinación no tempo dos traballos de escavación e restauro, é moito máis eficiente en canto á prevención e protección dos restos, á par que supón un aforro importante do erario público. Temos que ter sempre presente que os traballos de restauración se executan unha vez valorada, definida e debidamente realizada a secuencia do rexistro e interpretados os restos. Por outra parte é importante respectar que a restauración non debe enmascarar os datos obtidos durante os traballos de escavación e ten que ter sempre a capacidade de ser reversible, é dicir que todo o aplicado durante a restauración dos restos poida ser retirado sen afectar os restos orixinais.

A superficie intervida nesta campaña do ano 2016 abrangue un total 1.135 m², distribuída en catro zonas: A área central da croa, **Espazo 12**; a zona suroeste da croa, **Espazo 13**; o último tramo do camiño que cruza a croa de leste a oeste ou **Espazo Ae**; e a intervención puntual na **Muralla**, que afectou dous tramos, na zona de entrada ó castro e no sector sur da croa, concretamente na zona da escaleira que dá acceso á muralla (Fig. 1).

¹ Escavación promovida e financiada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través dos Fondos Feder.



Fig. 1. Sectores de intervención da campaña 2016.



Fig. 2. Sector 12 unha vez finalizados os traballos de escavación e restauración.

Temos que apuntar que a presente actuación, agás o Sector Ae, realizouse nunha zona do xacemento previamente escavada. Tanto no sector 12 como no 13 realizáronse intensas escavacións nos anos 70 a cargo de Chamoso Lamas, cun sistema de traballo mediante a apertura de catas de 10x10 metros que descubriron boa parte das vivendas, polo que teríamos que definir a campaña presente máis que como unha escavación como unha reescavación dos restos. Despois de máis de 45 anos, nestes sectores, que se corresponden en parte coa zona de intervención da presente campaña, apenas se volveu ter ningún tipo de actuación de escavación ou restauración agás as realizadas por Felipe Arias nos anos oitenta, nas que se retiran as testemuñas deixadas por Chamoso, e tamén algúns traballos puntuais de restauro nas estruturas máis deterioradas.

Traballos de escavación.

Dos catro sectores intervidos nesta actuación poderíamos distinguir diferentes graos de actuación en canto ós resultados, relacionados **á súa vez coas características das zonas intervidas. Por unha banda**, nos **Sectores 12 e 13** realizouse unha reescavación nunha zona do poboado previamente escavada de forma intensa e, como consecuencia, a información neste sector atopábase moi sesgada e os materiais documentados foron moi escasos (Fig. 2). Por outra banda, na zona da rúa, **Sector Ae1**, os niveis arqueolóxicos non sufriron **intervencións previas** e, pese a tratarse dunha zona de paso, documentouse unha secuencia estratigráfica na que aparecen a maior parte dos materiais localizados durante a campaña, incluíndo o conxunto de moedas de época tardía. E por último os traballos realizados nos sectores asociados á muralla, onde a escavación foi da man da restauración, tendo maior peso o arranxo dos problemas estruturais, pero sen perder de vista as interpretacións arqueolóxicas.

Os sectores 12 e 13.

Nestes sectores púidose comprobar como os niveis arqueolóxicos estaban practicamente esgotados na súa maior parte e, en moitos dos casos, quedaron a maioría das estruturas colgadas. Non obstante, os escasos resultados das análises das unidades sedimentarias puidéronse compensar coa intensiva análise realizada sobre os restos das estruturas creando unha secuencia muraria que permitiu definir a evolución construtiva das diferentes vivendas, a funcionalidade de certos espazos e determinar os límites que separan unidades de vivenda ou unidades familiares (Fig. 3). O estudo espacial do interior do poboado permitiu definir posteriormente conxuntos de construcións que se agrupan tendo en conta os seus accesos, situación respecto ás zonas de paso e evolución das estruturas.

Tanto no espazo 12 coma no 13, a estratigrafía muraria permitiu establecer as dependencias ou vivendas levantadas en primeiro lugar e, a partir destas, elaborar

unha serie de espazos encostados que teñen accesos e estruturas comúns. Deste xeito, a escavación puido proporcionar datos para realizar unha interpretación que define diferentes vivendas nestes sectores. Describimos a continuación algúns dos detalles máis relevantes da análise muraria:

SECTOR 12




Fig. 3. Definición de unidades de vivenda no Sector 12.

Os espazos E64-65 e E66 conforman a Vivenda 1 que parte dunha primeira construción, E66, que é a máis antiga, para despois construír neste grupo dúas dependencias máis. Neste caso, a escavación permitiu documentar o seu perímetro e a súa evolución

construtiva. Hai que destacar que no espazo 65, unha vez retirada a capa vexetal, púidose definir claramente no interior a estrutura do fogar: o paraventos, ou poio e ó pé deste a placa do fogar, elementos que se atopaban ocultos á vista.

A vivenda 4 ou E68 correspóndese cunha pequena casa circular, construída cun paramento moi coidado, E68A, ó que lle precede un amplo adro cuadrangular construído a posteriori a base dunha estrutura moito máis descoidada, a 68B. No espazo 68A puidemos rexistrar parcialmente restos do pavimento no seu tramo sur. A limpeza deste espazo deixou á vista un amplo limiar construído a base de grandes lousas, que presenta continuidade cun empedrado conservado parcialmente no espazo contiguo E68B.

O espazo 69 correspóndese coa vivenda 5, ten planta circular e un pequeno adro na súa parte sur e presenta varios espazos exteriores, 69 C e 69 D.

A vivenda 6 ten unha dependencia principal (E75), de planta circular cunha entrada á que se accede por unha escaleira exterior enmarcada por dous muretes laterais. Nesta vivenda pódense apreciar unha serie de reformas importantes. Todo parece indicar que a primeira construción era exenta e non tiña ningún outro tipo de dependencia contigua. Nun segundo momento, debido quizais ó seu desmoronamento, o sector leste da vivenda sufriu unha reforma considerable realizada no mesmo momento no que se abre o acceso ó espazo 70 a través duns banzados de baixada a estancia E70A.

A vivenda 7 parte da edificación exenta 71A á que posteriormente se lle engade unha dependencia ó pechar un espazo entre o E71 e o E73A, na que se dispón ademais un pequeno adro (E72B) e unha zona empedrada de acceso que antecede a unha entrada adiantada e flanqueada.

A vivenda 8 está distribuída en tres espazos 73 A, 73 B e 74 A; a 73A foi a primeira construción levantada. Ten planta cuadrangular coas esquinas exteriores redondeadas e presenta na súa entrada un pequeno avance ou entrada flanqueada. Posteriormente, a esta vivenda engádeselle pola súa banda oeste outra dependencia para o que se realiza unha pequena remodelación na entrada. Nun terceiro

momento constrúense unha serie de estruturas na zona do acceso onde aínda se poden ver elementos reutilizados, como muíños conformando un poio e unha zona empedrada que puideron formar parte dunha terceira dependencia que hoxe en día non conserva o seu límite oeste.

No Oeste do sector 12 apenas puidemos obter información tras a escavación pois, unha vez retirada a capa vexetal, atopamos a rocha practicamente en todo o seu sector interior e os muros atópanse a nivel do zócolo colgados sobre a rocha e sen niveis asociados.

A análise muraria realizada no sector 12 permitiu á súa vez interpretar a secuencia de construción das vivendas e elaborar unha posible evolución das estruturas. No que respecta ás unidades definidas, estas reflicten claramente a existencia de dúas fases construtivas, destacando algunhas dependencias construídas exentas ás que nunha fase posterior encóstanselles outras dependencias que aproveitan os espazos libres (Figs. 4 e 5).

A maior densidade de construcións neste segundo momento de ocupación pode reflectir un aumento de poboación que podería representar unha fase de apoxeo do poboado.

GRUPO 4




Fig. 4. Evolución da vivenda número 1 e as súas construcións lindieras.




Fig. 5. Evolución das vivendas ao nordeste do sector 12.

As estruturas do sector 13 foron as primeiras escavadas por Chamoso Lamas en 1971. Algunhas delas foron revisadas no ano 1999 por C. Llana e E. Varela², destacando a adscripción clara dos materiais ás zonas catalogadas nos planos dentro da retícula inicial e tendo como base a escavación de Felipe Arias en 1983. Nesta revisión faise unha primeira interpretación na que se define o espazo II de planta cuadrangular (Fig. 6), como unha área de uso doméstico asociada a traballos de cociña, mentres que o espazo I estaría máis ligado, polos seus materiais, a labores téxtiles.



Fig. 6. Primeiras propostas da evolución construtiva do sector 13 do ano 2001.

Na intervención no sector 13 púidose comprobar que os niveis arqueolóxicos estaban practicamente esgotados na súa maioría, quedando moitas das estruturas colgadas, o que leva a un incremento na deterioración a medida que transcorre o tempo. Neste senso temos que sinalar a circunstancia de que o sector 13 está situado na zona norte do poboado onde sofre os ventos e a humidade de xeito máis intenso. Se a isto engadimos a proliferación da vexetación por encima das estruturas decatáronos de que sufriron unha deterioración bastante importante, maior que noutras zonas.



Fig. 7. Definición das diferentes agrupacións construtivas ou vivendas do sector 13.

Os grupos de construcións asociados no sector 13 permiten diferenciar tres vivendas, 80-81, 82 e 79 (Fig. 7).

² Llana, César e Varela, Elena, (2001): "Las primeras excavaciones arqueológicas en el Castro de Viladonga treinta años después." *Croa*, N° 11.

A vivenda mellor conservada deste sector está conformada polas dependencias 80 e 81 que forman parte dunha mesma vivenda que se asenta sobre certas estruturas desmanteladas previamente. A construción 81 aséntase sobre unha antiga edificación E80-II, á que se asocia posteriormente a construción 80 polo seu flanco sur. Esta dependencia de planta cuadrangular e moito máis ampla, conserva parte do seu pavimento e o seu fogar, e está precedida por un pequeno vestíbulo 80B que dá acceso á vivenda primixenia a través da dependencia 80 (Fig. 8).

O espazo denominado E-79, comprende varias dependencias que conforman unha unidade, dúas delas correspóndense con dous espazos interiores 79-A e 79-B e un terceiro que se corresponde cun banzado que se dispón á entrada da dependencia 79-A.

Por último, no que respecta ó espazo 82, foi definido nunha segunda fase de ocupación ó eliminar unha das dependencias que se erixía nesa área.

Hai que destacar o rexistro de estruturas internas que pasaban desapercibidas coa cobertura vexetal que as cubría denantes da limpeza e reescavación, como o fogar da vivenda 79.



Fig. 8. Vista aérea parcial do sector 13 durante a escavación arqueolóxica.

Tras a valoración destes sectores de escavación do poboado e unha vez vista a disposición das estruturas, a partir dunha análise espacial da zona intervida pódese apreciar un certo ordenamento na distribución das diferentes vivendas. O estudo dos eixes viais e as rúas, como a que existe no sector 12, que vai en dirección NW-SE e que divide o grupo 1-2 do 3-4, permite facer diferenzas claras. Tamén se aprecian divisións que se fan a partir de muros que dividen grandes espazos como o que separa o grupo 3 do grupo 4. Outro dos criterios fundamentais utilizados foi a disposición dos accesos ás vivendas (Fig. 9).

Pódese apreciar que os conxuntos definidos polas asociacións das súas características construtivas comparten ademais os accesos cara ós mesmos espazos, de xeito que ningún dos grupos se superpón un sobre outro, o que proporciona outra razón espacial na lóxica da súa agrupación. Hai que ter en conta que neste caso a hipótese da distribución realizada nestes sectores refírese ó derradeiro momento de ocupación do xacemento, xa que das fases iniciais descoñecemos os datos.




Fig. 9. Distribución dos grupos de dependencias nas zonas intervidas (Fig. 2).




Fig. 10. Perfil estratigráfico das unidades documentadas na rúa (Ae).

O sector Ae1.

Correspóndese cun tramo da rúa principal que atravesa a croa de Sur a Norte, na que se realizou unha escavación que comprende uns 39 m² e un acondicionamento cara ó sector leste e oeste de 58 e 27 m² respectivamente, xa que un dos obxectivos foi poder dotar a este sector dunha zona de tránsito para os visitantes.

Puidemos identificar os límites da rúa. Ó sur atópase moi ben delimitada por un corte na rocha e por unha pequena cimentación dunha vivenda circular practicamente perdida. No que respecta ó norte, rexístrase un pequeno muro de contención, a modo de beirarrúa adaptado a rocha e que se atopa igualmente bastante perdido (Fig. 10).

Neste espazo foi imposible localizar un primeiro nivel máis antigo xa que, pola súa condición de zona de paso, esta área sufriu limpeza sucesivas e remodelacións e non quedan restos das ocupacións anteriores ó último uso da rúa.

En liñas xerais, neste sector o material arqueolóxico foi abundante en relación á superficie escavada, destacando as cerámicas de época romana, na súa maioría TSH de época tardía. O resto dos materiais están pouco representados xa que non se trata dun contexto doméstico. Das cerámicas comúns romanas destacan as engobadas, pratos e cuncas, incluso unha delas reciclada como queixeira, así mesmo documéntase a

presenza de cerámica de tradición indíxena en diversos tipos de xerras, olas e orzas (Fig. 11).



Fig. 11. Nova forma de cerámica asociada ós alfares da cidade de Lugo.

Neste sector atopamos un conxunto de 40 moedas de bronce. Consérvanse en mal estado e, despois dunha pequena limpeza mecánica, algunha delas puidéronse definir. A mellor conservada é un *centenional*, acuñada co nome de Constantino Magno, divinizado en tempos de Costancio II, entre os anos 337-347, que deixa de acuñarse no 395 d.C. A data confirma un dato importante para a cronoloxía deste sector que ven ser semellante a outras deste período documentadas no xacemento.

A muralla: o sector das escaleiras e a entrada.

Como mellora da actuación, planeouse a **recuperación das escaleiras** que se atopan a carón do sector 13 e seguramente en relación con este paso á parte superior da muralla. A escavación deste sector, de cara á restauración, abarcou uns 18 m² e recuperáronse para a vista uns 12 m de tramo do lenzo interno da muralla xunto coa estrutura que se corresponde coa escaleira.

Este elemento atopábase nunha situación bastante perigosa, posto que neste punto a muralla presentaba un fallo estrutural, que xa fora corrixido en tempo da vida do castro. Neste punto situábase un pequeno apuntalamo para procurar que a muralla non se desmoronase. O risco que supoñía o estado deste paramento era evidente.

Realizouse un corte estratigráfico que liberaba a parte superior onde exercía unha presión na zona deteriorada. Isto permitiunos aproximarnos ás características construtivas do recheo da propia estrutura, baseado nun escamado feito para ofrecer maior resistencia ó peso que exerce o volume de recheo da propia muralla.

O control do fallo estrutural existente permitiunos, unha vez finalizada a dita intervención, proceder á retirada do paramento extrapromado para facer o proceso da anastilose e executar a restauración deste sector.

Por outra parte, púidose localizar o desenvolvemento dos chanzos da escaleira ó longo dos dous derrames, nalgúns casos a través dos propios chanzos que se atopaban partidos e noutros, onde xa non se atopaban os chanzos, atopábase o desenvolvemento da súa pegada no lenzo da muralla (Fig. 12).



Fig. 12. Diferentes detalles dos traballos realizados no sector da escaleira da muralla.

Outra das intervencións que tivo lugar nesta campaña, foi o acondicionamento da zona da entrada á croa, nun pequeno tramo da muralla e a súa rolda interior, na que se tiveron que realizar traballos de escavación para poder acometer unha restauración puntual do lenzo da muralla. Os traballos limitáronse á escavación dun pequeno treito de E62 retirando o recheo botado nas anteriores campañas e á escavación de parte do derrubamento interior da muralla sen chegar ós niveis de uso da rolda, para poder proceder á súa restauración.

TRABALLOS DE RESTAURACIÓN.

Cráterios de intervención.

No que ós traballos de restauración se refire, no castro de Viladonga a pretensión última é que, a través dos seus restos, se consiga un discurso coherente de cara á difusión e comprensión destes, á vez que se garante a súa conservación, partindo da base de que se trata dunha intervención na que se realizan ó mesmo tempo traballos de escavación e consolidación.

Desgraciadamente a combinación destas dúas actividades non adoita ser habitual, en moitos casos nin sequera se contempla a necesidade de realizalas de modo consecutivo e inmediato. A aplicación concreta desta combinación no castro de Viladonga pretendeu axilizar a capacidade de rexistro para que os traballos de restauración se puideran realizar de forma inmediata á documentación arqueolóxica e os restos apenas sufran procesos de alteración dende o remate da escavación.

Ó longo dos últimos anos realizáronse diversas intervencións, tanto de escavación como de restauración e consolidación no castro de Viladonga, e ensaiáronse diversos discursos para atopar un criterio de restauración que protexa adecuadamente os restos arqueolóxicos. Así, pasouse da coroación vexetal, cada vez máis en desuso pola súa agresividade co paramento, á coroación con bardas de lousa, que remata o paramento a modo de teitado.

No ámbito da conservación de xacementos arqueolóxicos hai pouca marxe para a innovación³. A restauración termina onde empeza a hipótese e impoñer ideas propias é unha actitude soberbia, aínda que sexa honrada e sincera (MUÑOZ VIÑAS, 2003).

Por outra banda, consideramos a restauración como aquela actividade que devolve algo ó seu estado orixinal, tanto no seu aspecto como na súa funcionalidade. O que sen dúbida é innegable é que o obxecto que vai ser restaurado está suxeito á deterioración que se poida producir ou que xa se

produciu. Se temos en conta que todo obxecto, dende o punto de vista da conservación, ten tres “vidas” (a primeira cando está en uso, a segunda cando está enterrado e a terceira cando é exhumado), moitas veces é na terceira vida onde máis sofre o obxecto. Habería que se formular o porqué deste deterioración.

Todos os traballos foron enmarcados dentro dunha serie de principios teóricos ou criterios fundamentais que, en definitiva, son a base da nosa intervención. Partimos de considerar a conservación como aquela acción de manter o que existe como tal hoxe en día, é dicir, evitar a deterioración dun ben determinado poñendo todos os medios necesarios a nivel de intervención. Como é lóxico pensar, queda incluída nesta definición a actividade entendida como conservación preventiva. Este concepto tan de moda hoxe en día, non di nada posto que a prevención é inherente á conservación. Poderíamos preguntarnos se é que existe a conservación non preventiva.

A intervención presente de restauración realizada no castro de Viladonga céntrase fundamentalmente nas estruturas murarias, que recibiron un tratamento específico, suficientemente testado noutros xacementos de similares características e situados en territorios que presentan as mesmas condicións medioambientais.

Primeiramente, é necesario que se precisen algúns dos criterios nos que se basea á intervención de restauración e conservación realizada.

- A restauración termina onde empeza a hipótese. Toda intervención ten que pasar inadvertida na medida do posible.

- É necesario ir corrixindo algúns parámetros da restitución. A existencia de separadores entre o orixinal e o restaurado foi un gran avance na restauración de xacementos onde se acostumaba falsificar e recrecer sen criterio, esquecendo a máxima de que o bo restaurador respecta o orixinal e intenta pasar desapercibido. Non obstante, pódese caer no erro se os separadores adquiren un protagonismo excesivo. É necesario establecer unha maior discreción neste aspecto e que pase desapercibido de lonxe.

³ O artigo 44 da actual Lei del patrimonio cultural de Galicia defende o principio de mínima intervención e prohíbe calquera reconstrución total ou parcial salvo en casos de probada autenticidade no reconstruído (anastilose).

- Na restauración, o engadido debe ser perceptible de preto pero inadvertido de lonxe.

- O remate dos muros, ademais, debe ser irregular para transmitir a idea de obra rota e non acabada. Este sistema protexe, por outra banda, o paramento, xa que dificulta o deambular do visitante sobre unha construción que noutrora parecese “pavimentada”.

Así pois, os criterios de intervención van encamiñados só á conservación do exhumado. Todo iso vai ligado directamente ó mantemento. **Se non hai mantemento, non hai restauración ben feita ou xacemento coidado.** Nese caso, o xacemento mellor conservado é o xacemento tapado.

Estado de conservación do castro de Viladonga.

O estado de conservación do xacemento está directamente relacionado coa amplitude do tempo que leva exposto dende a súa escavación, momento no que os restos cambiaron de condicións dunha maneira drástica. Estes restos enfróntanse a varios axentes de alteración pero, sen ningunha dúbida, o maior problema segue sendo o factor de alteración biolóxico. A proliferación de todo tipo de briofitos continúa sendo o maior problema que hai que resolver. É necesario comprender que se deben protexer os restos das afeccións e que estes e a vexetación son incompatibles dende o punto de vista da conservación. As plantas deben ser domesticadas e reducidas á mínima expresión. Os briofitos colonizan pronto as estruturas, como é lóxico e normal, xa que é alí onde as plantas atopan a humidade que necesitan para desenvolverse e, por outra parte, atopan os nutrientes necesarios entre as pedras para disgregalas.

Os principais factores de alteración que afectan as estruturas arqueolóxicas en Viladonga determinan en boa medida a necesidade dun tratamento específico que corrixa as patoloxías existentes. **O factor de alteración biolóxico** constitúe un dos principais factores de alteración no castro de Viladonga. Pese a que se realizan rozas periódicas, o chan da zona, rico en nutrientes e humidade, facilita a proliferación de todo tipo de vexetación. Os briofitos de tipo leñoso

son os máis prexudiciais, xa que en abundantes casos invaden de xeito irreversible as estruturas, e unha vez enraizadas, as rozas periódicas proporcionan un reavivamento das plantas en vez de xerar a súa erradicación. Por outra banda, toda a zona escavada é sistematicamente invadida por todo tipo de elementos vexetais que buscan a cobertura de habitabilidade que proporciona o terreo (Fig. 13).



Fig. 13. Detalle da proliferación dos briofitos nunha das estruturas onde se pode apreciar claramente a alteración que producen. É por isto que se aconsella erradicar a proliferación da vexetación e non favorecer o seu desenvolvemento.

Outro dos factores de alteración que condiciona en boa medida o estado de conservación do castro, ademais da alteración antrópica é o **Factor de alteración meteorolóxico** que inflúe definitivamente no proceso de degradación do xacemento. A abundante pluviosidade potencia o proceso de crioxenización en períodos invernales, o que se ten que ter moi en conta de cara ó tratamento de estabilización e restauración do xacemento.

Non podemos esquecer un dos factores de alteración que afecta en gran medida a este xacemento, o **Factor de alteración fisico-químico**, que inflúe directamente na cohesión das estruturas. Referímonos neste caso sobre todo ás vivendas, posto que son as que teñen argamasa como elemento de unión. Dita argamasa, ó quedar baixo terra durante longo período de tempo, perdeu as súas características de dureza que presentaba en uso. Ó quedar ó descuberto, agora en todas as estruturas poténciase o grao de debilidade da argamasa de unión que xa non cumpre a súa función.

Por outra banda, parte da pedra utilizada nas construcións presenta unhas características nada favorables para a súa perduración. Non se trata de que a pedra teña “enfermidade” algunha senón que se debe a su propia composición. A calidade das lousas da zona no é boa, debido ó nivel de deposición na súa formación e á inclusión de niveis estratificados de arxila que ten de orixe a propia lousa, como escribía Zuuren na súa obra *“Structural petrology of an área near Santiago de Compostela”*, en 1969. Dita composición fai a lousa local moi fráxil e de escasa resistencia mecánica, ó estar afectada por un grao de metamorfismo baixo que da lugar a unha transformación da textura, o que da orixe a esquistosidade, como afirma Martínez Cantelán na súa obra *Estratigrafía y estructura del Domo de Lugo en 1981*. Esas inclusións de estratos de arxila entre as láminas das lousas xunto o seu alto grao higroscópico, fan que absorban humidade e se produzan os procesos de crioxénese que meteoriza a pedra e alimenta os briofitos que proliferan ás súas anchas no xacemento.

O estado de conservación das estruturas é bastante malo. Con todo, as características propias do sistema construtivo, así como os propios materiais de construción empregados, obrigan a crear unha capa de protección que sirva de cobertura a estas estruturas agora espidas. Atendendo ás características das diferentes estruturas, teríamos que diferenciar entre o propio sistema defensivo, concretamente a muralla, e o resto de estruturas correspondentes ás vivendas.

No que respecta a muralla, foi construída con aparello mixto irregular de cuarcita e lousa a favor de fachada. Foi feita de forma graduada creando unha base ancha que perde superficie en altura, posto que se fan sucesivos retranqueos a medida que adquire altura. Esta construción foi realizada en seco, é dicir, sen morteiro de ningunha clase, utilizando terra e, sobre todo, cascallo para o asento do aparello, así como para o recheo do interior. A muralla, a pesar de representar unha aparencia sólida e de gran contundencia, móstrase en realidade con graves deficiencias de tipo estrutural que se ven acrecentadas ó quedar ó desamparo da cobertura que a protexía. Moitas destas deficiencias estruturais son de época do derrube do poboado, outras acrecentáronse no período posterior á escavación.

No que respecta ás estruturas que se corresponden coas vivendas, presentan un tipo de construción máis coidado e sólido. Os paramentos foron recibidos cunha argamasa de unión que serviu de cohesión ós muros, ata tal punto que, como se pode ver en moitos dos derrubes, estes producíronse en bloque, é dicir que a argamasa de unión impediu que o muro ó caer se desmembrase (Fig. 14).



Fig. 14. Derrubamento parcial en bloque do muro dunha vivenda do castro. Escavación 1996.

Nas zonas de vivenda a conservación é mellor, no que á cohesión de muros se refire, pero a debilidade radica, en moitos dos casos, no tipo de pedra utilizada; a pedra de pequeno tamaño na última fiada é moi sensible á acción dos axentes externos, posto que a argamasa de unión xa non ten o suficiente poder de adherencia. Xa expuxemos as características das lousas, (lousa local moi fráxil e de escasa resistencia mecánica), o que, unido á forte proliferación vexetal-leñosa que sustentan as cabeceiras dos muros, orixinan grandes deterioracións nas estruturas do xacemento. Moitas das construcións atopábanse nunha situación lamentable, afectadas dun xeito masivo pola colonización da vexetación e a crioxénese, que orixinaron fortes perdas de masa estrutural, o que afectou de igual xeito ós lenzos dos muros, nalgún caso incluso practicamente na súa totalidade.

Outra das afeccións débese ós traballos de escavación realizados nos anos setenta onde moitos dos niveis de ocupación foron sobrepasados, o que orixinou un certo descalce na base dos muros, o que, a súa vez, derivou na progresiva perda de masa en certas estruturas.

O tratamento dos restos.

Antes de entrar en detalles técnicos, teríamos que ter presente ante todo que o castro de Viladonga, as súas vivendas e estruturas arqueolóxicas terían que ser as protagonistas así como quen as construíu e non temos ningún dereito a distorsionar os restos que chegaron ata nós con elementos alleos e moito menos que estes pasen a ter maior protagonismo que os do propio poboado.

Posto que nas intervencións de restauración colócase unha ou varias **fiadas de sacrificio** que exercen a función de protección, a base de **lousas e xistos** e colócanse seguindo o estilo construtivo usado polos castrexos, estas fiadas de sacrificio deberían ser suficientes para preservar as estruturas de todas as afeccións que poida orixinar o clima. Iso implica a utilización dun morteiro adecuado para as condicións ambientais que presenta o xacemento e, por suposto, eliminar a colocación na parte superior de calquera elemento que agrida a estrutura arqueolóxica, como pode ser o **tepes**. O protagonista ten que ser o xacemento arqueolóxico. As súas estruturas e a súa información non poden ser camufladas posto que hoxe en día non é necesario (Fig. 15).



Fig. 15. Vista xeral do sector 13 despois da súa escavación e restauración.

Coa utilización do morteiro adecuado e co criterio de recrecemento de fiadas de protección ou sacrificio, debería ser suficiente para conservar e protexer as estruturas dos axentes climáticos e antrópicos. Non hai necesidade de protexer ó protector con outro elemento estraño. Pode e débese realizar un sistema que á vez que protexa, mostre as características

da estrutura e sexa totalmente reversible. Non se introducen elementos distorsionantes á construción. Os paramentos respectan e intégranse co orixinal copiando a factura castrexa, sempre diferenciando as fiadas de protección mediante separadores.

É necesario ter unha lectura adecuada tanto das diferentes estruturas como da súa evolución construtiva. Para iso procédese a diferenciar en altura as diferentes estruturas coas fiadas de protección, deixando a un nivel máis alto as construcións primixenias ou exentas e a un nivel máis baixo as construcións posteriores que se encostan ás anteriores. Este tipo de sistema proporciona unha lectura cronolóxica das construcións. Esta información tampouco debería ser ocultada baixo unha laxa innecesaria (Fig. 16).

O deber de calquera restaurador é conservar o legado recibido e transmitilo ás novas xeracións polo menos nas mesmas condicións que foi recibido; en paralelo, a didáctica xoga un papel fundamental, especialmente se se quere sensibilizar a poboación sobre o que significa o devandito patrimonio.

O sistema proposto como alternativa nesta campaña utilízase na maioría dos xacementos onde se aplican unha ou varias fiadas de sacrificio que serven para protexer o orixinal, e nada máis. Non desvirtuemos máis o principio básico de conservación, aplicado en case todos os xacementos do mundo.

A consolidación dos elementos arquitectónicos, muros e estruturas de delimitación, realízase por recrecida de fiadas, co fin de protexer as orixinais do contacto exterior. Sempre se diferencia o orixinal do engadido cun elemento separador, (neste caso pequenos seixos brancos). Ó recrecer os muros, as estruturas quedan consolidadas, así o tramo restaurado protexe o orixinal e dito recrecemento queda intencionadamente a expensas de agresións antrópicas e atmosféricas, sen a necesidade de ningún elemento a maiores que desprestixie a estrutura orixinal.

Nos traballos realizados, intentouse conseguir o efecto de ruína no proceso de recrecemento. Nalgunhas escavacións os recrecidos de fiadas remátanse con perfectos acabados ou nivelados da coroación do muro. Isto confunde ó visitante que, por



Fig. 16. Conxunto do sector 12 despois da intervención.

veces, pregúntase se aquela obra “terminaba así”. Os muros deben ser rematados de forma irregular, sen un acabado perfecto, con aspecto de ruína. Deben dar a entender que ese paramento era máis alto en orixe, e que se derrubou nun momento dado.

Limitouse o tipo de aparello existente. Para isto, empregáronse lousas procedentes das derrubas do mesmo xacemento ou pedra similar e realizouse co mesmo tipo de fábrica a dobre cara e recheo de ripio, recibido en seco no propio muro pero coroadado con morteiro hidrofugado, tendo en conta que doutro xeito non sería posible conferir unha mínima resistencia ó paramento.

Tívoise en conta que dita labor fose sempre **reversible**, polo que os materiais utilizados necesariamente cumpren dous requisitos, por unha banda, a posibilidade de refacerse nun momento posterior e

por outra a súa durabilidade no tempo, o que garante unha perduración adecuada da consolidación de cara a súa posta en valor para o público.

Os traballos de consolidación e restauración quedaron claramente supeditados a dous factores, á interpretación arqueolóxica da distribución das diferentes estruturas e vivendas e ó estado de conservación dos restos unha vez realizada e determinada a descrición, vista a evolución construtiva. Realizado o diagnóstico dos restos, prodúcese a intervención de consolidación e restauración na que se realizaron principalmente os seguintes traballos:

1.- **A eliminación da vexetación.** Procédese, por unha parte, á eliminación vexetal dos niveis arqueolóxicos e dos pavimentos e, por outra, á limpeza vexetal dos lenzos dos muros e as súas testas.

2.- **Restitución de lagoas nos paramentos perdidos ou danados.** En moitos dos casos, a pedra atopábase totalmente disgregada.

3.- **O recalzado na base dos muros.** En moitos dos casos, como xa expuxemos, a escavación excede os niveis de ocupación deixando as estruturas colgadas.

4.- **Proceso de anastilose.** No que se realiza un axuste das estruturas tras o estudo metódico dos elementos que a compoñen. Algunha das estruturas presentaban extrapromes considerables, que requirían da utilización desta técnica.

5.- **Recrecido estrutural.** Recreemento básico dos muros nas cabeceiras co fin de preservar os restos orixinais dos axentes de afección. Nalgúns casos, nos que as estruturas o requirían, realizouse a conseguinte rectificación estrutural, unha vez consensuada a solución coa dirección facultativa.

6.- **Recrecido secuencial.** Realízase unha diferenciación no recrecido en altura coas fiadas de protección, deixando a un nivel máis alto as construcións primixenias ou exentas e a un nivel máis baixo as construcións posteriores que se encostan ás anteriores (Fig. 17).

7.- **Localización e substitución das restauracións antigas.** Nas escavacións dos anos setenta e posteriormente, realizáronse restauracións puntuais moi agresivas que desvirtuaban as estruturas castrexas que nestes traballos foron eliminadas e substituídas.

8.- **Reposición de elementos perdidos** Para evitar esta futura deterioración, foi necesaria a restitución dunha peza de madeira no limiar da estrutura E80-I para dar maior solidez ó acceso da vivenda, a base dunha madeira seca, criosotada e tratada.

9.- **Acondicionamento de interiores.** Aquí teríamos que falar de dous aspectos: a dotación de drenaxes e a nivelación, recheo e restitución dos niveis de pavimentos.

Os traballos levados a cabo nesta intervención arqueolóxica, ademais de ir encamiñados á interpretación e definición das estruturas, pretenderon facer comprensibles os restos. O labor de divulgación posterior ós traballos de investigación é un obxectivo fundamental xa que temos que ofrecer ó visitante os resultados das intervencións sen deixar de lembrar que a actuación tamén está encamiñada á conservación das ruínas para futuras xeracións.



Fig. 17. Detalle da secuencia de muros atopada no sector 13 e a súa restauración.

Bibliografía

- ARIAS VILAS, F. (1979): *Castro de Viladonga*, (Folleto do Ministerio de Cultura), Lugo.
- (1983): "Novos materiais arqueolóxicos do Castro de Viladonga no Museo de Lugo", *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, I, pp. 203-208.
- (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Cultura. Xunta de Galicia. Arqueoloxía/Memorias. 2.
- (1990): *Museo del Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*. Madrid: Ministerio de Cultura.
- (1990-91): "Achado dunha conreira no Castro de Viladonga (Lugo)", *Boletín Auriense*, XX-XXI. pp. 105-117.
- (1992a): *A Romanización de Galicia*. Vigo: Edicións A Nosa Terra. Historia de Galicia. 4.
- (1992b): "O proxecto de ampliación do Museo do Castro de Viladonga (Lugo)", *Coloquios galegos de Museos*, Ourense-Vigo.
- (1993): "Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana: castros e vilas", *Galicia da Romanidade á Xermanización. Problemas históricos e culturais*, Santiago de Compostela.
- (1995): «Chamoso Lamas e a Arqueoloxía lucense: unha revisión», in: *Lugo no obxectivo de Manuel Chamoso Lamas*. Lugo: Deputación Provincial de Lugo.
- (1996): "Materiales del Mediterráneo Oriental en el Castro de Viladonga (Lugo)", *Actas del Congreso "La Hispania de Teodosio"*. Madrid - Segovia.
- (1997a): «A cultura material galaico-romana». *Galicia Terra Única. I. Galicia Castrexa e Romana*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia., pp. 218-229.
- (1997b): El Castro de Viladonga y su Museo monográfico, *Restauración y Rehabilitación*, (Madrid), pp. 56-64.
- (1997c): «Os museos de sitio arqueolóxico: un intento de revisión crítica», *El Museo de Pontevedra*, LI, pp. 293-322.
- (1998): «Sitios musealizados y museos de sitio: notas sobre dos modos de utilización del Patrimonio Arqueolóxico», *Museo (Revista A.P.M.E., Madrid)*, nº 4, pp. 39-57.
- ARIAS VILAS, F.; DURÁN FUENTES, M^a.C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei-Lugo*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Comunicación Social. Xunta de Galicia.
- CAAMAÑO GESTO, J.M.; LÓPEZ RODRÍGUEZ, J.R. (1984): «Sigillatas del Castro de Viladonga». *Gallaecia*, nº 7-8, pp. 138-178.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1977): «Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados», in: *Actas del Coloquio Internacional sobre el Bimilenario de Lugo*. Lugo: Patronato del Bimilenario de Lugo, pp. 41-46.
- COSTAS GOBERNA, F.J.; HIDALGO CUÑARRO, J.M. (1997): *Los juegos de tablero en Galicia*. Vigo: CeltiCar.
- DORREGO MARTÍNEZ, F.; RUBIERO DA PENA, A.M^a. (1998): «Consideracións sobre os temas decorativos na cerámica castrexa de Viladonga». *Croa*, Nº 8, pp. 21-28.
- (2001): «Apuntes acerca das asas na cerámica castrexa de Viladonga». *Croa*, Nº 11, pp. 25-28.
- DURÁN FUENTES, M^a.C. (1994): «Algúns útiles de bronce no Castro de Viladonga». *Croa*, Nº 4, pp. 14-15.
- (2008-2009): *Moedas do Museo do Castro de Viladonga*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- DURÁN FUENTES, M^o.C.; FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, P.; VILA MARTÍNEZ, M. (1992): «Grafitos na cerámica do Castro de Viladonga (Lugo)», in: F. Acuña Castroviejo (Coord.): *Finis Terrae*. Estudios en Lembranza do Prof. Dr. Alberto Balil. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 315-332.
- FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2002): «Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei Lugo)». *Croa*, N^o 12, pp.7-14.
- LAGE PILLADO, M. (2001): «Fibulas anulares romanas del Castro de Viladonga». *Croa*, N^o11, p. 29-34.
- LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F. "Puesta en valor de Castromaior para fomento del turismo cultural en el Camino de Santiago (Portomarín, Lugo)". *Actuacións Arqueolóxicas Anos 2006 y 2007*. Xunta de Galicia.
- LÓPEZ MARCOS, M. A.; LÓPEZ GONZÁLEZ, L. F.; ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y. (2005): "La recuperación de un yacimiento: el castro de Chano (Peranzanes, León)". *Puesta en valor del patrimonio arqueológico en Castilla y León*. Junta de Castilla y León, Salamanca, pp. 115-124.
- LÓPEZ MARCOS, M.A. (2014): "Criterios de conservación en la musealización de yacimientos arqueológicos". *Pátina* 17-18, pp. 353-368.
- LÓPEZ MARCOS M.A. and others. (2015): "Die Wiedererrichtung der groben statuen. Der tempel der millionen von Jahren des Amenophis III!". *Antike Welt*. 2.15.
- LÓPEZ GÓMEZ, F.S. (1979): "O folklore do castro de Viladonga e da súa bisbarra", *Actas XV C.A.N.* (Lugo 1977), Zaragoza, pp. 623-630.
- LLANA RODRÍGUEZ, C.; VARELA ARIAS, E. (1999): "Una aproximación a las actividades realizadas en la zona oriental del Barrio Norte del Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)". *Croa*, N^o 9, pp. 14-29.
- MARTÍNEZ CANTELÁN, J. R. (1981): *Estratigrafía y estructura del domo de Lugo (sector oeste de la zona asturoccidental-leonesa)*. Universidad de Salamanca.
- MARTÍNEZ CORTIZAS, A., RAMIL REGO, P. et alii. (1992): "Estudio edafológico y paleobotánico realizado en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo). Campaña 1990", *II Reunión Nacional de Geoarqueología*, Madrid.
- MUÑOZ VIÑAS, S. (2003): *Teoría Contemporánea de la Restauración*. Madrid: Síntesis.
- ZUUREN, A. (1969): *Structural petrology of an area near Santiago de Compostela (NW, Spain)*. *Leidse Geol. Med.* 45, pp. 1-71.

Ademais destes textos, existen Informes e Memorias dos traballos realizados anualmente remitidas ós organismos administrativos correspondentes do Ministerio de Cultura e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.